



INSTRUCCIÓN 4/ 2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE MEDIDAS EN MATERIA DE PERSOAL COMO CONSECUCENCIA DO NOVO CORONAVIRUS SARS-CoV-2

Ámbito:

**Institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde
Entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade**

Desde que a Organización Mundial da Saúde declarara, o pasado mes de xaneiro, que a situación en relación co novo coronavirus SARS-CoV-2 suporía unha emerxencia de saúde pública de impacto internacional, as Comunidades Autónomas, xunto ao Ministerio de Sanidade, veñen realizando un seguimento constante da situación co fin de adoptar as medidas de prevención e contención necesarias no marco do ordenamento xurídico.

Entre estas medidas atópanse aquelas que se deben dirixir a garantir a dispoñibilidade de profesionais, esencial para atender a carga asistencial, tanto a través de actuacións de protección dos mesmos, como aquelas recollidas nesta instrución que tratan de flexibilizar e axilizar os procedementos previstos para atender as necesidades de persoal derivadas desta situación.

Con tales premisas resulta preciso expoñer o elenco de medidas de ordenación de persoal que podería ser preciso adoptar nas institucións, sempre con carácter extraordinario e transitorio, ante unha situación de indispoñibilidade de recursos humanos.

A esa finalidade, e na procura de evitar incertezas e disparidade de criterios básicos, resposta a presente instrución.

INSTRUCCIÓNS

Primeira. Obxecto

A presente instrución ten por obxecto:

a) Incorporar o elenco de medidas que, en materia de persoal, poden resultar precisas para dispoñer dos recursos humanos necesarios para facer fronte á carga asistencial, así como para evitar un agravamento da situación como consecuencia do incremento das baixas laborais do persoal.

Instrucción 4/20

b) Establecer canles de comunicación e información para que a presente instrución, e as medidas que se adopten consonte ao previsto na mesma, cheguen de forma rápida e veraz ao coñecemento dos axentes implicados.

Segunda. *Carácter das medidas*

As medidas relacionadas nas instrucións *terceira* a *sétima* terán carácter excepcional e transitorio, e unha vez adoptadas estenderanse durante o tempo que resulte indispensable.

Terceira. *Selección temporal*

Entre outras medidas en materia de selección de persoal temporal, poderanse ter en conta as seguintes:

- No suposto de indispoñibilidade transitoria de aspirantes nas listas vixentes, procederase consonte o disposto no Anexo III, A, punto sexto do Pacto sobre selección de persoal temporal (DOG núm. 123, do 30 de xuño de 2016), que permite formalizar nomeamentos temporais a persoas aspirantes que, estando en posesión do título exixido, tiveran rexistrado en Fides/expediente-e a súa solicitude de inscrición con posterioridade á data límite das últimas listas en vigor. A orde de chamamentos realizarase segundo se establece no referido Anexo.

As xerencias/direccións impulsarán calquera outra medida que poida favorecer a dispoñibilidade de persoal (máis alá das persoas que xa figuren nas listas ou teñan presentado a súa solicitude de inscrición).

- Nas categorías nas que exista un maior déficit de profesionais, poderase autorizar a realización de nomeamentos, mediante as listas de promoción interna temporal, das persoas que fosen excluídas destas listaxes por non acreditar no seu momento un ano en servizo activo como persoal fixo.

Así mesmo, en categorías deficitarias, poderanse ofertar ás persoas aspirantes de promoción interna nomeamentos de duración inferior a dous meses, sempre que non resulte prioritaria a atención das funcións da categoría de orixe.

Instrución 4/20

- Con respecto aos nomeamentos pola lista de curta duración (pool), se se considera necesario, poderase superar o número máximo total de doce días de vinculación por persoa aspirante e mes, así como incrementar o número de titulares e suplentes que sexan precisos.

- Para garantir a adecuada cobertura das Unidades críticas (áreas de UCI-Reanimación, UCI pediátrica...), priorizaranse as listas especiais destas Unidades sobre as listas xerais, e a duración dos vínculos nestas áreas poderá superar os 60 días.

- De non existir aspirantes dispoñibles nas listas vixentes dunha concreta área especial, deberá procederse conforme ao Acordo da Comisión Central de Seguimento (DOG núm. 140, do 24 de xullo de 2017).

- Estudarase a realización de formación específica para as áreas especiais, en previsión de que non se dispoña de persoal ou aspirantes cos requirimentos precisos.

- Valorarase a suspensión das penalizacións previstas na normativa (agás as motivadas por incumprimentos graves dos aspirantes) durante o tempo necesario.

- A Xerencias poderán limitar temporalmente a autorización de novas suspensións de chamamento naquelas categorías e ámbitos que considere necesario así como proceder á revogación das suspensións xa concedidas.

A activación en lista logo da finalización de calquera suspensión será inmediata.

- Co obxecto de priorizar as necesidades e de posibilitar a máis axeitada distribución dos recursos no conxunto dos centros e áreas sanitarias, poderase centralizar a xestión das listaxes de selección temporal para as categorías que se determinen.

- Poderanse prorrogar os nomeamentos eventuais máis alá da duración máxima prevista na Orde do 1 de xullo de 1997, pola que se regulamentan as modalidades de formalización do vínculo do persoal temporal (DOG núm. 138, do 18 de xullo), naquelas categorías e ámbitos territoriais nos que se evidencie unha situación de indispoñibilidade de profesionais.

Instrucción 4/20

Cuarta. Permisos e licenzas

Poderase proceder á denegación, suspensión ou revogación das autorizacións de desfrute de vacacións, licenzas e permisos.

As vacacións que polas causas expresadas non puideran ser desfrutadas polo/a profesional serán obxecto de desfrute posterior, mesmo fóra do ano natural. Igualmente, as licenzas e permisos, atendendo á natureza concreta das mesmas, serán obxecto, no seu caso, de posterior desfrute.

O desfrute efectivo das vacacións, licenzas e permisos concedidos ou que se vaian conceder quedará subordinado á capacidade de resposta ás necesidades asistenciais derivadas da incidencia da enfermidade en cada ámbito determinado.

Quinta. Teletraballo

En supostos xustificados, as xerencias/direccións fomentarán modalidades non presenciais de traballo (teletraballo) para o desempeño das correspondentes funcións.

Sexta. Xornada de traballo e descansos

As disposicións relativas a tempo de traballo e réxime de descansos contidas na sección 1ª do capítulo X da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, e nas disposicións, acordos e pactos de desenvolvemento, poderán ser suspendidas de conformidade co que establece o artigo 59 do referido texto normativo.

Sétima. Mobilidade

As medidas de mobilidade que resulte necesario adoptar para facer fronte á carga asistencial rexeranse, de entrada, polo principio de voluntariedade. Porén, polo tempo que resulte indispensable, as Xerencias poderán utilizar as facultades de reordenación e mobilidade inherentes ao feito de que o persoal está legalmente adscrito á área sanitaria, con independencia do destino



adxudicado nos procesos de selección e provisión, fixa ou temporal, e do ámbito de prestación que figure no seu nomeamento.

Oitava. Seguimento e comunicación

Os órganos directivos das institucións sanitarias establecerán as canles de comunicación e participación precisas para que esta instrución, e as medidas que se adopten na súa aplicación, cheguen a coñecemento de todos os axentes implicados (mandos intermedios, xuntas de área, comisións de centro, comités de seguridade e saúde, profesionais...).

Novena. Outras medidas

A presente instrución non exclúe a adopción no futuro, en función de como evolucione a situación, doutras medidas en materia de persoal.

Décima. Anexo

Como Anexo da presente instrución figura unha relación dos preceptos máis relevantes que amparan a adopción das medidas previstas.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2020

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Instrución 4/20

ANEXO NORMATIVO

A.- LEXISLACIÓN ESTATAL

1.- Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública

- Artigo 2:

"Las autoridades sanitarias competentes podrán adoptar medidas de reconocimiento, tratamiento, hospitalización o control cuando se aprecien indicios racionales que permitan suponer la existencia de peligro para la salud de la población debido a la situación sanitaria concreta de una persona o grupo de personas o por las condiciones sanitarias en que se desarrolle una determinada actividad".

- Artigo 3:

"Con el fin de controlar las enfermedades transmisibles, la autoridad sanitaria, además de realizar las acciones preventivas generales, podrá adoptar las medidas oportunas para el control de los enfermos, de las personas que estén o hayan estado en contacto con los mismos y del medio ambiente inmediato, así como las que se consideren necesarias en caso de riesgo de carácter transmisible".

2.- Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública

- Artigo 54.1 e 2:

"1. Sin perjuicio de las medidas previstas en la Ley Orgánica 3/1986, de 14 de abril, de Medidas Especiales en Materia de Salud Pública, con carácter excepcional y cuando así lo requieran motivos de extraordinaria gravedad o urgencia, la Administración General del Estado y las de las comunidades autónomas y ciudades de Ceuta y Melilla, en el ámbito de sus respectivas competencias, podrán adoptar cuantas medidas sean necesarias para asegurar el cumplimiento de la ley.

2. En particular, sin perjuicio de lo previsto en la Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad, la autoridad competente podrá adoptar, mediante resolución motivada, las siguientes medidas:

(...)

b) La intervención de medios materiales o personales.

c) El cierre preventivo de las instalaciones, establecimientos, servicios e industrias.

d) La suspensión del ejercicio de actividades.

(...)

Instrucción 4/20

f) *Cualquier otra medida ajustada a la legalidad vigente si existen indicios racionales de riesgo para la salud incluida la suspensión de actuaciones de acuerdo a lo establecido en el Título II de esta ley*”.

3.- Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade

- Artigo 29.3:

“Cuando la defensa de la salud de la población lo requiera, las Administraciones Sanitarias competentes podrán establecer regímenes temporales y excepcionales de funcionamiento de los establecimientos sanitarios”.

- Artigo 87:

“Los recursos humanos pertenecientes a los Servicios del Área se considerarán adscritos a dicha unidad de gestión, garantizando la formación y perfeccionamiento continuados del personal sanitario adscrito al Área.

El personal podrá ser cambiado de puesto por necesidades imperativas de la organización sanitaria, con respeto de todas las condiciones laborales y económicas dentro del Área de Salud”.

4.- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais

- Artigo 17.2:

“2.- El empresario deberá proporcionar a sus trabajadores equipos de protección individual adecuados para el desempeño de sus funciones y velar por el uso efectivo de los mismos, cuando, por la naturaleza de los trabajos realizados, sean necesarios.

Los equipos de protección individual deberán utilizarse cuando los riesgos no se puedan evitar o no puedan limitarse suficientemente por medios técnicos de protección colectiva o mediante medidas, métodos o procedimientos de organización del trabajo”.

- Artigo 25.1:

“Los trabajadores no serán empleados en aquellos puestos de trabajo en los que, a causa de sus características personales, estado biológico o por su discapacidad física, psíquica o sensorial debidamente reconocida, puedan ellos, los demás trabajadores u otras personas relacionadas con la empresa ponerse en situación de peligro o, en general, cuando se encuentren manifiestamente en estados o situaciones transitorias que no respondan a las exigencias psicofísicas de los respectivos puestos de trabajo”.

- Artigo 26:

“Si los resultados de la evaluación revelasen un riesgo para la seguridad y la salud o una posible repercusión sobre el embarazo o la lactancia de las citadas trabajadoras, el empresario adoptará las medidas necesarias para evitar la exposición a dicho

Instrucción 4/20

riesgo, a través de una adaptación de las condiciones o del tiempo de trabajo de la trabajadora afectada (...).

2. Cuando la adaptación de las condiciones o del tiempo de trabajo no resultase posible o, a pesar de tal adaptación, las condiciones de un puesto de trabajo pudieran influir negativamente en la salud de la trabajadora embarazada o del feto, y así lo certifiquen los Servicios Médicos del Instituto Nacional de la Seguridad Social o de las Mutuas, en función de la Entidad con la que la empresa tenga concertada la cobertura de los riesgos profesionales, con el informe del médico del Servicio Nacional de Salud que asista facultativamente a la trabajadora, ésta deberá desempeñar un puesto de trabajo o función diferente y compatible con su estado. El empresario deberá determinar, previa consulta con los representantes de los trabajadores, la relación de los puestos de trabajo exentos de riesgos a estos efectos.

El cambio de puesto o función se llevará a cabo de conformidad con las reglas y criterios que se apliquen en los supuestos de movilidad funcional y tendrá efectos hasta el momento en que el estado de salud de la trabajadora permita su reincorporación al anterior puesto.

En el supuesto de que, aun aplicando las reglas señaladas en el párrafo anterior, no existiese puesto de trabajo o función compatible, la trabajadora podrá ser destinada a un puesto no correspondiente a su grupo o categoría equivalente, si bien conservará el derecho al conjunto de retribuciones de su puesto de origen".

- Artículo 29:

"Obligaciones de los trabajadores en materia de prevención de riesgos

1. Corresponde a cada trabajador velar, según sus posibilidades y mediante el cumplimiento de las medidas de prevención que en cada caso sean adoptadas, por su propia seguridad y salud en el trabajo y por la de aquellas otras personas a las que pueda afectar su actividad profesional, a causa de sus actos y omisiones en el trabajo, de conformidad con su formación y las instrucciones del empresario.

2. Los trabajadores, con arreglo a su formación y siguiendo las instrucciones del empresario, deberán en particular:

(...)

2º.- Utilizar correctamente los medios y equipos de protección facilitados por el empresario, de acuerdo con las instrucciones recibidas de éste".

5.- Lei 44/2003, do 12 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias

- Artículo 9.4:

"4. Dentro de un equipo de profesionales, será posible la delegación de actuaciones, siempre y cuando estén previamente establecidas dentro del equipo las condiciones conforme a las cuales dicha delegación o distribución de actuaciones pueda producirse.

Instrucción 4/20

Condición necesaria para la delegación o distribución del trabajo es la capacidad para realizarlo por parte de quien recibe la delegación, capacidad que deberá ser objetivable, siempre que fuera posible, con la oportuna acreditación".

6.- Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde

- Artigo 12.3:

"Los cambios en la distribución o necesidades de personal que se deriven de reordenaciones funcionales, organizativas o asistenciales se articularán de conformidad con las normas aplicables en cada servicio de salud. En todo caso, el personal podrá ser adscrito a los centros o unidades ubicados dentro del ámbito que su nombramiento precise".

- Artigo 19:

*"El personal estatutario de los servicios de salud viene obligado a:
(...)*

f) Prestar colaboración profesional cuando así sea requerido por las autoridades como consecuencia de la adopción de medidas especiales por razones de urgencia o necesidad"

- Artigo 36:

"El personal estatutario, previa resolución motivada y con las garantías que en cada caso se dispongan, podrá ser destinado a centros o unidades ubicadas fuera del ámbito previsto en su nombramiento de conformidad con lo que establezcan las normas o los planes de ordenación de recursos humanos de su servicio de salud, negociadas en las mesas correspondientes".

- Artigo 39.2:

"El personal estatutario podrá ser destinado en comisión de servicios, con carácter temporal, al desempeño de funciones especiales no adscritas a una determinada plaza o puesto de trabajo. (...)"

- Artigo 47.2:

"A través de la programación funcional del correspondiente centro se podrá establecer la distribución irregular de la jornada a lo largo del año"

Nota: o artigo 46.2.] define a programación funcional do centro como as "instrucciones que, en uso de su capacidad de organización y de dirección del trabajo, se establezcan por la gerencia o la dirección del centro sanitario en orden a articular, coordinadamente y en todo momento, la actividad de los distintos servicios y del personal de cada uno de ellos para el adecuado cumplimiento de las funciones sanitario-asistenciales".

- Artigo 51.1:

"(...) Mediante la programación funcional de los centros se podrán establecer jornadas de hasta 24 horas para determinados servicios o unidades sanitarias, con carácter excepcional y cuando así lo aconsejen razones organizativas o asistenciales. (...)".

- Artigo 59:

"1. Las disposiciones de esta sección relativas a jornadas de trabajo y períodos de descanso podrán ser transitoriamente suspendidas cuando las autoridades sanitarias adopten medidas excepcionales sobre el funcionamiento de los centros sanitarios conforme a lo previsto en el artículo 29.3 de la Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad, siempre que tales medidas así lo justifiquen y exclusivamente por el tiempo de su duración.

La adopción de estas medidas se comunicará a los órganos de representación del personal.

2. Las disposiciones de esta ley relativas a jornadas de trabajo y períodos de descanso podrán ser suspendidas en un determinado centro, por el tiempo imprescindible y mediante resolución motivada adoptada previa consulta con los representantes del personal, cuando las circunstancias concretas que concurran en el centro imposibiliten el mantenimiento de la asistencia sanitaria a la población con los recursos humanos disponibles.

En este caso, se elaborará un plan urgente de captación de recursos humanos que permita restituir la normalidad en el mantenimiento de la asistencia sanitaria.

3. Las medidas especiales previstas en este artículo no podrán afectar al personal que se encuentre en situación de permiso por maternidad o licencia por riesgo durante el embarazo o por riesgo durante la lactancia natural".

7.- Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro)

- Artigo 81.2:

"2. Las Administraciones Públicas, de manera motivada, podrán trasladar a sus funcionarios, por necesidades de servicio o funcionales, a unidades, departamentos u organismos públicos o entidades distintos a los de su destino, respetando sus retribuciones, condiciones esenciales de trabajo, modificando, en su caso, la adscripción de los puestos de trabajo de los que sean titulares. Cuando por motivos excepcionales los planes de ordenación de recursos impliquen cambio de lugar de residencia se dará prioridad a la voluntariedad de los traslados. Los funcionarios tendrán derecho a las indemnizaciones establecidas reglamentariamente para los traslados forzosos."

Instrucción 4/20

B.- LEXISLACIÓN AUTONÓMICA

1.- Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia

- Artigo 34

"Intervencións públicas sobre actividades, centros e bens.

As intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde son:

(...)

6. Establecer, controlar e inspeccionar as condicións hixiénico-sanitarias, de funcionamento e desenvolvemento de actividades que poidan ter repercusión sobre a saúde das persoas.

(...)

12. Adoptar as medidas preventivas que se consideren pertinentes no caso de que exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e extraordinario para a saúde. Para tal efecto, a Administración sanitaria poderá proceder á incautación ou inmovilización de produtos, á suspensión do exercicio de actividades, ao pechamento de empresas ou das súas instalacións, á intervención de medios materiais e persoais e máis a cantas outras medidas se consideren sanitariamente xustificadas. A duración das medidas ás que se refire esta alínea fixarase para cada caso, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas por resolucións motivadas, e non excederá do que exixa a situación de risco extraordinario que as xustificou.

(...)

14. Calquera outra intervención conducente a establecer normativamente os requisitos e as condicións que, dende o punto de vista sanitario, deben reunir todos os centros, as actividades e os bens que poidan supor un risco para a saúde, así como vixiar, controlar e inspeccionar, do xeito establecido nas correspondentes normas, o seu cumprimento".

- Artigo 115.8:

"Sen prexuízo do posto de traballo do que o profesional acredite a súa titularidade e do ámbito determinado no seu nomeamento, os profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia consideraranse adscritos á área de saúde onde radique o seu destino".

- Artigo 115.9:

"A Administración sanitaria poderá trasladar, temporal ou definitivamente, o seu persoal, cando existan razóns de imperiosa necesidade da organización sanitaria, variando a adscrición dos postos de traballo dos que sexan titulares, con dereito ao mantemento das súas retribucións e ao aboamento das indemnizacións establecidas regulamentariamente. O cambio da adscrición definitiva dos postos de traballo realizarase logo da consulta ás organizacións representadas na mesa sectorial. Cando a variación da adscrición dos postos se incardine no seo dun plan de ordenación de recursos humanos levarase a cabo logo da negociación na mesa correspondente".

Instrucción 4/20

- Artigo 124:

“Os profesionais poderán prestar servizos conxuntos en dous ou máis centros, aínda cando manteñan a súa vinculación a un só deles, cando se manteñan alianzas estratéxicas ou proxectos de xestión compartida entre distintos establecementos sanitarios, ou así o demanden necesidades urxentes e inaprazables para garantir a asistencia sanitaria en todas as áreas do Sistema Público de Saúde de Galicia. Para estes efectos poderanse expedir nomeamentos ou ditar ordes de servizos específicos vinculados aos citados proxectos ou á cobertura das necesidades asistenciais”.

2.- Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde

- Artigo 31:

“Mobilidade forzosa no ámbito da área sanitaria.

“Excepcionalmente os directores ou xerentes dos centros e establecementos sanitarios do Servizo Galego de Saúde, ou, de ser o caso, os directores das áreas sanitarias, poderán cambiar, temporal ou definitivamente, o persoal de posto de traballo, localidade ou centro, dentro da mesma área sanitaria, sempre que a medida estea xustificada por razóns imperativas da organización sanitaria. (...)”.

- Artigo 32:

“Reordenación de ámbito superior á área sanitaria. Plan de reordenación de recursos humanos.

As reordenacións colectivas de persoal que impliquen mobilidade entre áreas sanitarias deberán incorporarse a un Plan de ordenación de recursos humanos”.

- Artigo 34:

“Mobilidade por razón de protección á maternidade ().*

Cando a adaptación das condicións ou do tempo de traballo non resultase posible, ou, a pesar de tal adaptación, as condicións do seu posto de traballo puidesen influir negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto, ou da muller ou do fillo en período de lactación, a traballadora poderá ser adscrita a un posto de traballo distinto do seu destino.

(...)

No suposto de que non existise un posto de traballo ou función compatible distinto dentro da institución de destino, a traballadora poderá ser destinada a un posto non correspondente ao seu grupo ou categoría equivalente, que conservará o dereito ao conxunto de retribucións do seu posto de orixe.

O cambio de posto ou función terá efecto ata o momento en que desaparezan os motivos que xustificaron a medida de protección”.



3.- Orde do 16 de setembro de 2008 pola que se establece o procedemento para a adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde

(*) En desenvolvemento do anterior decreto.

Instrucción 4/20

